

A Venus de cristal ·

Chelo Suárez ·

Xerais, 2007 ·

144 páx · 15 euros



"PIETRO PULIANI é un afamado vi-dreiro veneciano que posúe grandes coñecementos sobre alquimia e poderes adivinatorios aprendidos en Exipto". A primeira frase da contra-portada coa que a editorial promo-ciona *A Venus de cristal* parece deixar clara unha saudábel intención de se-rie B, con ese protagonista enigmáti-co que vive nun maxestoso palacio, oculta o rostro baixo unha máscara carnavalesca e traballa "con méto-dos que están fóra da comprensión humana". Ingredientes coma estes debían facer que o prato tivese un agradábel arrecendo a folletín, pero a prosa requintada da autora quere apuntar nunha liña ben diferente: o libro ten unha certa vontade de transcendencia e agacha baixo a súa recargada imaxinería unha reflexión sobre a procura da beleza, co mito da inmortalidade e a perfección da xuventude asomando ao fondo.

Ambientada na Venecia do século XV, descrita de maneira tópica como unha engaiolante cidade de vicio e perdición, *A Venus de cristal* convértese nun estraño híbrido a medio camiño entre *O perfume* de Patrick Süskind e un serial bizarro ao estilo do Fu-Manchú de Sax Rohmer. Polas súas páxinas desfilan nobres intri-gantes, prostitutas desdentadas e lascivas, escravas fermosas que to-can a cítara e no treito final Juliano de Médici e Sandro Botticelli, enfei-tizados os dous pola muller "máis bela entre as belas", Simonetta Ca-ttanei, de "palidez alabastrina" e co "candor reflectido nas súas delica-das formas". Abenzoada pola brevi-dade, a noveliña de Chelo Suárez é un simpático despropósito que difi-cilmente pode inspirar animadver-sión e si porén moita tenrura. A obra formou parte da terna de finalistas do Premio Xerais no ano 2006: agora podemos comprender o atinada que foi a decisión dun xurado que esco-lleu como gañador a Diego Ameixeiras pola moi superior *Tres segundos de memoria*. // **Martin Pawley**